

PRESENTACIÓN e IDEARIO DA ACTIVIDADE DE CONTAR CONTOS E HISTORIAS
QUE LEVA POR LEMA:

***Bicoca de boca en boca
ou Contos que non falten***
E REALIZA: Celso Fdez. Sanmartín

Contar é un oficio que todos temos

Levo recollendo contos e historias inconscientemente toda a vida, coma calquera. Pero desde hai anos veñoas recollendo e reacomodándomas, coa intención de contalas de cara a distintos públicos

Empecei por casualidade e oportunidade. Continúo porque é unha actividade de amor, sentido e paixón: pola lingua, pola oralidade, pola comunicación, por pensar que non se perda un verdadeiro tesouro de historias e contos, e ilo por aí mostrando e ofrecendo coa boca aberta e coa boca chea, falando ademais *bencísimo* del, que é coma falar dunha das nosas posibilidades de relación e cultura máis ricas e admirables.

A miña *devoción* son as persoas maiores, culturalmente refeitas na oralidade. Entre elas hai moitas que son contadoras intuitivas e intelixentes e atentísimas a todo. *Devoción* polo vivo interés que poñen nas historias, nos contos e nas memorias que cantan. *Devoción* porque saben “elaborar un momento”: A partir dunha miga de tempo *que se preste** ou inesperadamente. Inda hai de momento en calquera lugar a onde un vaea, persoas maiores que teñen a virtude de atraer a atención e mantela cunha(s) historia(s) pertinente(s), que por acerto e valor específico, prenderá(n) entre os nosos recordos perennes, frescos coma da primeira hora.

**(Hoxe por hoxe, as migas de tempo, os momentos que se prestaban a contar, perderon bastante os seus “espacios naturais”: no día a día, en datas sinaladas, en épocas do ano, ... Temos outros enredos no seu sitio, outra medida do tempo. Fómonos deixando dese “costume natural”. Dese falar, contando ben contado e por contar.)*

O meu fardo ou repertorio está composto basicamente por contos, historias e memorias ligadas á tradición oral galega e tamén á europea, *(na que temos arte e parte)*, asentadas na cultura agrícola-gandeira e pedestre. E cun toque contemporáneo, para apalparlles que tamén son actuais, que aquí as están e non coma pezas de museo. Tamén invento historias e contos, coma calquera...

Ás nenas e nenos, e á xente grande, intento contarlles ademais, que o que se conta non é unha cifra exacta-exacta, e que a lingua non se pode deixar que se poña de trapo.

Ata pronto cun saúdo.
Lalín, 7 de agosto de 2010



Asdo. Celso Fernández Sanmartín

Contacto: celsofsanmartin@yahoo.es / 610.32.84.54